



Anatomía do clericalismo

Pedro Castelao¹

1.- Dúas acepcións

Cómpre facer unha primeira distinción. Por clericalismo non entendo aquí, principalmente, o que poderíamos chamar «clericalismo revello», tan propio dos tempos do Concilio Vaticano I (1869-1870) e mesmo, no noso país, dos días da Segunda República e maiormente dos da posguerra. Un clericalismo, por outra parte, ben coñecido e ben narrado en obras como *Doña Perfecta* (1876) de Benito Pérez Galdós, *La Regenta* (1884-1885) de Leopoldo Alas Clarín, *Ilustrísima* (1980) de Carlos Casares ou *O lapis do carpinteiro* (1998) de Manuel Rivas.

Non estudarei, xa que logo, o feito de que a Igrexa –como institución– e os curas –coma estamento particular– teñan unha influencia notable e un poder efectivo na vida social, cultural, política e mesmo económica da sociedade, podendo determinar a súa moralidade, orientar a súas leis, formar o seu espírito, sancionar os códigos de conduta ou censurar calquera tipo de innovación que consideren contraria á súa visión do mundo maiormente conservadora.

Abonde con indicar que, como se sabe, nesta primeira acepción, a Igrexa é concibida, polos que defenden o seu poder, como unha institución tan sólida e compacta coma defensora dos bos costumes que garanten a orde social, como asistente e coidadora dos máis necesitados e, sobre todo, como administradora e garante da salvación eterna. Os que, por contraposición, atacan a Igrexa, vena coma todo o contrario, é dicir, coma un freo decadente e opresor dos novos aires de modernización e cambio.

1 Teólogo. Profesor da Universidade Comillas.